

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción elixida*

### OPCIÓN A

#### **1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)**

- 1.1.- Que é unha Sociedade de Responsabilidade Limitada?
- 1.2.- Que se entende por segmentación de mercados? Ilustra a resposta cun exemplo.
- 1.3.- Que é o leasing? Pon un exemplo.
- 1.4.- Menciona tres tipos de estruturas básicas organizativas da empresa .

#### **2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)**

- 2.1.- O contrato de traballo: concepto, elementos para que sexa válido, tipoloxía, causas de suspensión e extinción.

#### **3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Unha sociedade anónima hipotética proporcionou a seguinte información económica e financeira correspondente ao último exercicio económico (valores expresados en euros):

Débedas a longo prazo: 242.500	Existencias: 80.000	Inmovilizado material: 625.000
Cientes: 42.000	Reservas: 100.000	Bancos cc: 18.000
Investimentos financeiros a longo prazo: 97.000		Provedores: 62.500,
Amortización acumulada do inmovilizado material: 167.000		

Pídese:

- 3.1.- Ordenar o balance por masas patrimoniais e determinar o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o valor do Fondo de manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio de endebedamento [ $RE = \text{pasivo}/(\text{patrimonio neto} + \text{pasivo})$ ] e a ratio de liquidez [ $RL = \text{Activo corrente}/\text{Pasivo corrente}$ ] (0,5 pto.)

#### **4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Supón que es o director financeiro dunha empresa que está a valorar a posibilidade de desenvolver un proxecto de investimento de dous anos de duración. O proxecto require a realización dun desembolso inicial de 6.000 euros e espérase que xere uns fluxos de caixa de 5.000 euros o primeiro ano e 1.400 euros o segundo ano. Sabendo que o tipo de interese é do 10%, pídese:

- 4.1.- Calcular o VAN do proxecto (1 pto.)
- 4.2.- Calcular a taxa de rendibilidade interna (TIR) do proxecto (1 pto.)
- 4.3.- Interpretar os resultados e avaliar a viabilidade do proxecto (0,5 pto.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción elixida*

### OPCIÓN B

#### 1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)

- 1.1.- Menciona tres clases de tributos.
- 1.2.- Explica brevemente qué tipo de factores inflúen na localización de empresas de carácter comercial.
- 1.3.- Que se entende por financiamento interno ou autofinanciamento?
- 1.4.- Diferenza entre os conceptos de rendibilidade económica e rendibilidade financeira.

#### 2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)

2.1.- A política de distribución comercial no marco da mercadotecnia mix: concepto, canles de distribución e intermediarios comerciais.

#### 3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Dada a seguinte información sobre os custos de produción dunha empresa hipotética:

Produción (en unidades)	0	1	2	3	4	5	6	7	8
Custos totais (en miles de €)	50	60	68	74	78	90	104	155	210

Pídese:

- 3.1.- Determinar os custos fixos, calcular os custos variables para cada nivel de produción e representar graficamente os resultados. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular os custos totais medios e os custos variables unitarios para cada nivel de produción. Comentar a relación entre a evolución dos custos medios e o nivel de produción. (1 pto.)
- 3.3.- Determinar os custos marxinais para cada nivel de produción e comentar o resultado. (0,5 pts.)

#### 4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)

Unha empresa ten unha demanda dos seus produtos de 400 unidades anuais. O custo de mantemento anual de almacén de cada unha destas unidades é de 10 € e cada pedido xera un custo fixo de 20 €. Supoñendo que non existe stock de seguridade, pídese:

- 4.1.- Calcular o volume óptimo que debe ter cada pedido. (1 pto.)
- 4.2.- Calcular cantos pedidos ten que realizar a empresa cada ano, os custos anuais de reposición (ou renovación) de existencias e os custos de almacenamento. (1 pto.)
- 4.3.- Interpretar os resultados obtidos nos apartados anteriores. (0,5 pts.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción escollida*

### OPCIÓN A

#### **1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)**

- 1.1.- Cales son as principais áreas de actividade da empresa?
- 1.2.- Menciona unha das forzas competitivas de Porter e explica brevemente en que consiste.
- 1.3.- ¿Que se entende por leasing? Pon un exemplo.
- 1.4.- Explica brevemente en que consiste unha auditoría de contas.

#### **2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)**

- 2.1.- A produtividade: concepto, tipos e factores determinantes da mesma.

#### **3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Considera a seguinte información dunha sociedade anónima hipotética correspondente ao último exercicio económico (valores expresados en euros):

Ingresos por vendas: 1.000.000	Compras de mercadorías: 500.000	Saldos e salarios:
100.000		
Subministracións: 10.000	Amortización do inmovilizado: 20.000	
Gastos financeiros: 3.000	Reparacións e conservación: 2.000	

Sabendo que o valor total do activo é de 1.500.000 euros, o valor dos recursos propios é de 750.000 euros e que o tipo do imposto sobre sociedades é do 30 %, pídese:

- 3.1.- Determinar o resultado de explotación. (1 pto.)
- 3.2.- Determinar o resultado do exercicio despois de impostos. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a rendibilidade financeira. (0,5 ptos.)

#### **4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Un proxecto de investimento require un desembolso inicial de 20.000 euros e dura dous anos. No primeiro ano xera un cobramento de 20.000 euros e no segundo ano un cobramento de 40.000 euros. Ademais, precisa un pagamento de 10.000 euros o primeiro ano e outro de 20.000 euros o segundo. A taxa de desconto aplicable a esta inversión é do 12%. Pídese:

- 4.1.- Calcular o Valor Actual Neto desta inversión. (1 pto)
- 4.2.- Determinar a Taxa de Rendibilidade Interna da inversión. (1 pto.)
- 4.3.- Atendendo aos resultados dos apartados anteriores, realizarías esta inversión? Razona a túa resposta. (0,5 ptos.)

## ECONOMÍA DA EMPRESA

*Instrucións: O alumno debe elixir UNHA das dúas opcións e responder todas as preguntas da opción escollida*

### OPCIÓN B

#### **1. Responda brevemente as seguintes catro preguntas (0,75 puntos cada pregunta)**

- 1.1.- Menciona tres das posibles formas xurídicas que pode adoptar unha sociedade mercantil.
- 1.2.- Que se entende por suxeito pasivo dun imposto? Pon un exemplo.
- 1.3.- Que se entende por custos indirectos? Pon un exemplo.
- 1.4.- Explica brevemente a que se refire a teoría da xerarquía das necesidades de Maslow.

#### **2. Desenvolva a seguinte cuestión (2 puntos)**

- 2.1.- As políticas de produto e de prezos no *marketing mix*: concepto, ciclo de vida do produto, marca e envase e criterios de fixación de prezos

#### **3. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Considera a seguinte información correspondente ao balance dunha empresa hipotética (valores en euros):

Existencias (61.500), Inmobilizado material (370.000), Bancos c/c (5.000), Préstamos bancarios a curto prazo (270.000), Amortización acumulada do inmobilizado material (20.000), Débedas con entidades de crédito a longo prazo (135.000), Provedores (110.000), Clientes (106.700)

Pídese:

- 3.1.- Elaborar o balance agrupando as contas en masas patrimoniais. Calcular o valor do capital social. (1 pto.)
- 3.2.- Calcular o Fondo de Manobra e interpretar o resultado. (1 pto.)
- 3.3.- Calcular a ratio de autonomía financeira [ $AF = \frac{\text{Patrimonio neto}}{\text{Pasivo non corrente} + \text{Pasivo Corrente}}$ ] e comentar o resultado. (0,5 pto.)

#### **4. Resolva o seguinte problema (2,5 puntos)**

Unha empresa que fabrica ordenadores portátiles soporta uns custos fixos de 2.000.000 euros e un custo variable unitario de 400 euros. O prezo de venda de cada ordenador portátil é de 900 euros. Pídese:

- 4.1.- Que cantidade de ordenadores portátiles tería que producir esta empresa para cubrir os seus custos totais? Que nome recibe a cantidade obtida? (1 pto.)
- 4.2.- Representar graficamente a solución ao apartado anterior. (1 pto.)
- 4.3.- Comenta a validez da seguinte afirmación: "Se a empresa se vise obrigada a reducir o prezo dos ordenadores portátiles a 650 euros tería que duplicar a produción para non incorrer en perdas". (0,5 pto.)

# Criterios de Avaliación / Corrección

## CONVOCATORIA DE XUÑO

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 11 de xuño de 2016 ás 12:00 horas acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 0,75 puntos), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Nas preguntas para desenvolver (cunha puntuación máxima de 2 puntos), ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resume da resposta. En todo caso, na valoración da resposta a esta pregunta teranse en conta ás seguintes consideracións: (i) pódese acadar a máxima cualificación aínda que non se elabore un esquema orientador; (ii) a desagregación das puntuacións parciais terase en conta fundamentalmente para outorgar cualificacións intermedias cando a resposta sexa incompleta; (iii) unicamente se outorgará a máxima cualificación se a resposta é completa en todos aqueles aspectos que se mencionan no enunciado.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na exposición. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Na desagregación da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

### OPCIÓN A

- 1.1. Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 ptos.
- 1.2. Definición de segmentación de mercados: 0,5 ptos. Exemplo: 0,25 ptos.
- 1.3. Definición de *leasign*: 0,5 ptos. Exemplo: 0,25 ptos
- 1.4. Pola mención de cada tipo de estrutura organizativa: 0,25 ptos.
  
- 2.1. Concepto de contrato de traballo: 0,5 ptos. Explicación dos elementos para que sexa válido: 0,5 ptos. Explicación da tipoloxía: segundo a duración do contrato: 0,25 ptos.; segundo a duración da xornada: 0,25 ptos. Explicación das causas de suspensión (mínimo dúas), 0,25 ptos., e de extinción (mínimo dúas), 0,25 ptos.
  
- 3.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo non corrente, Activo corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos propios: 0,75 ptos. Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 ptos. Se se sitúa erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 ptos. Cálculo do valor do capital social: 0,25 ptos.
- 3.2. Cálculo correcto do fondo de manobra: 0,5 ptos. Comentario sobre o fondo de manobra: 0,5 ptos.
- 3.3. Cálculo correcto do valor de cada rateo: 0,25 ptos.
  
- 4.1. Exposición correcta da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,5 ptos. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,5 ptos.
- 4.2. Exposición da expresión que permite calcular a TIR cos datos do exercicio: 0,5 ptos. Cálculo correcto do valor da TIR: 0,5 ptos.
- 4.3. Razoamento correcto ou coherente cos resultados obtidos: 0,5 ptos.

### OPCIÓN B

- 1.1. Por cada tipo mencionado: 0,25 ptos.
- 1.2. Por cada factor mencionado: 0,25 ptos.
- 1.3. Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,5 ptos.

# Criterios de Avaliación / Corrección

- 1.4. Se só se explica o significado dun dos conceptos: 0,5 ptos.
- 2.1. Explicación do concepto de política de distribución comercial: 0,5 ptos. Explicación das canles de distribución (concepto: 0,25, tipos: 0,5 ptos). Identificación dos distintos tipos de intermediarios comerciais ou explicación das súas funcións ou papel (0,75 ptos.).
- 3.1. Identificación dos custos fixos: 0,25 ptos. Cálculo dos custos variables: 0,5 ptos. Representación gráfica: 0,25 ptos.
- 3.2. Cálculo dos custos totais medios: 0,25 ptos. Cálculo dos custos variables medios: 0,5 ptos. Comentario coherente cos resultados obtidos: 0,25 ptos.
- 3.3. Cálculo dos custos marxinais: 0,25 ptos. Comentario coherente cos resultados obtidos: 0,25 ptos.
- 4.1. Expresión correcta da fórmula para obter o valor do volume óptimo: 0,5 ptos. Aplicación correcta da fórmula: 0,5 ptos.
- 4.2. Cálculo do número de pedidos: 0,5 ptos. Cálculo dos custos anuais de reposición: 0,25 ptos. Cálculo dos custos de almacenamento: 0,25 ptos.
- 4.3. Darase por válida a explicación do significado dos valores obtidos nos apartados anteriores.

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 17 de setembro de 2016 ás 11:00 horas acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na correspondente páxina web, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nas preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 0,75 p.), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

Nas preguntas para desenvolver (cunha puntuación máxima de 2 p.), ademais de considerar a medida en que se axusta o contido da resposta ó que se pregunta, a valoración graduarase atendendo á claridade expositiva, á utilización axeitada dos conceptos fundamentais e á presentación dun esquema resume da resposta. En todo caso, na valoración da resposta a esta pregunta teranse en conta ás seguintes consideracións: (i) Pódese acadar a máxima cualificación aínda que non se elabore un esquema orientativo; (ii) a desagregación das puntuacións parciais terase en conta fundamentalmente para outorgar cualificacións intermedias cando a resposta sexa incompleta; (iii) unicamente se outorgará a máxima cualificación se a resposta é completa en todos aqueles aspectos que se mencionan no enunciado.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) na formulación. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben formulado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

Na desagregación da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

### OPCIÓN A

- 1.1.- Mención de dúas áreas: 0,25 p., tres (0,5 p.) e catro (0,75 p.)
- 1.2.- Mención dunha forza competitiva (sen explicación): 0,5 p.
- 1.3.- Definición de leasing: 0,5 p. Exemplo: 0,25 p.
- 1.4.- Se a resposta é aproximada pero non de todo precisa: 0,5 p.
- 2.1.- Concepto de produtividade: 0,5 p. Por cada tipo de produtividade explicado: 0,5p. (por cada tipo mencionado sen explicar: 0,25 p.). Por cada factor determinante mencionado: 0,25 p. (máximo 0,5 p.)
- 3.1. Por cada tipo de ingreso ou gasto mal clasificado: -0,5 p.
- 3.2. Este apartado non admite cualificacións intermedias.
- 3.2. Este apartado non admite cualificacións intermedias.

# Criterios de Avaliación / Corrección

- 4.1.- Formulación correcta da expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,5 p. Cálculo correcto do valor concreto do VAN: 0,5 p.
- 4.2. Formulación da expresión que permite calcular a TIR cos datos do exercicio: 0,5 ptos. Cálculo correcto do valor da TIR: 0,5 p.
- 4.3. Razoamento correcto ou coherente cos resultados obtidos: 0,5 p.

## OPCIÓN B

- 1.1.- Por cada forma xurídica mencionada: 0,25 p.
  - 1.2.- Definición do concepto: 0,5 p. Exemplo: 0,25 p.
  - 1.3.- Definición do concepto: 0,5 p. Exemplo: 0,25 p.
  - 1.4.- Se a resposta é aproximada pero non de todo precisa: 0,5 p.
- 
- 2.1.- Concepto de produto: 0,25 p. Ciclo de vida do produto (0,5 p.), marca e envase (0,25 p.); por cada criterio de fixación de prezos mencionado e explicado: 0,5 p. (se só se mencionan, 0,25 p. por cada un).
- 
- 3.1. Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo non corrente, Activo corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos propios: 0,75 p. Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 p. Se se sitúa erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 p. Cálculo do valor do capital social: 0,25 p.
  - 3.2. Cálculo correcto do fondo de manobra: 0,5 p. Comentario sobre o fondo de manobra: 0,5 p.
  - 3.3. Cálculo correcto do valor da ratio: 0,25 p. Comentario razoado do resultado: 0,25 p.
- 
- 4.1. Cálculo da cantidade: 0,75 p. Identificación da cantidade calculada como punto morto ou límite de rendibilidade: 0,25 p.
  - 4.2. Representación gráfica: Requírese identificar as funcións, os valores relevantes e as zonas que interesa producir e nas que interesa comprar. Por cada un destes aspectos que non se identifique correctamente descontaranse 0,25 p.
  - 4.3. Se só se menciona que a afirmación é correcta sen explicar a validez: 0,25 p.

# Exemplos de resposta / Solucións

## CONVOCATORIA DE XUÑO

### OPCIÓN A

3.1

ACTIVO		PASIVO + PATRIMONIO NETO	
<b>Activo non Corrente</b>	<b>555.000</b>	<b>Patrimonio Neto</b>	<b>390.000</b>
Inmovilizado material (- Amortización inmovilizado mat.)*	625.000 (-167.000)	Capital Social	290.000
		Reservas	100.000
Investimentos financ. a longo prazo	97.000	<b>Pasivo non corrente</b>	<b>242.500</b>
		Débedas a longo prazo	242.500
<b>Activo Corrente</b>	<b>140.000</b>	<b>Pasivo Corrente</b>	<b>62.500</b>
Existencias	80.000	Provedores	62.500
Clientes	42.000		
Tesorería	18.000		
<b>Activo total</b>	<b>695.000</b>	<b>Pasivo total</b>	<b>695.000</b>

\*Non é necesario que figure expresamente no balance

3.2.

$$FM = AC - PC = 140.000 - 62.500 = 77.500 \text{ euros}$$

O activo corrente é superior ao pasivo corrente ou esixible a curto prazo, polo tanto a empresa ten un fondo de manobra positivo que, en principio, garantiza a súa solvencia financeira. En particular, un fondo de manobra positivo significa que os recursos permanentes financian, ademais do activo non corrente, unha parte do activo corrente, co cal a empresa estaría en condicións de facer fronte a posibles desaxustes que poideran producirse entre a corrente de cobros e pagos.

3.3.

$$\text{Ratio de endebedamento} = \frac{\text{Pasivo}}{\text{Pasivo} + \text{Patrimonio neto}} = \frac{305.000}{695.000} = 0,44$$

$$\text{Ratio de liquidez} = \frac{\text{Activo corrente}}{\text{Pasivo corrente}} = \frac{140.000}{62.500} = 2,24$$

4.

4.1.

$$VAN = -6000 + \frac{5000}{(1+0,1)} + \frac{1400}{(1+0,1)^2} = -297,52 \text{ €}$$

$$4.2.- \text{ TIR: } 0 = -6.000 + \frac{5000}{(1+r)^1} + \frac{1400}{(1+r)^2}, \quad \text{Se } 1+r = x$$

$$-6.000 + \frac{5000}{x} + \frac{1400}{x^2} = 0 \Rightarrow -60x^2 + 50x + 14 = 0 \Rightarrow x = 1,054 \Rightarrow r = 5,4 \%$$

4.3.- O VAN reflicte a diferenza entre o desembolso inicial e o valor actualizado dos fluxos netos de caixa que xenera o proxecto de investimento. Como este valor é negativo, o proxecto non é viable. Ademais, o valor do TIR é inferior o custo do diñeiro, polo tanto, con arreglo a este criterio tampouco sería efectuable o proxecto.

### OPCIÓN B




# Exemplos de resposta / Solucións

3.

producción	C.fijos	C.VARIABLES	C.T.Medios	C.V.medios	C. marxinais
0	50	0			
1	50	10	60	10	10
2	50	18	34	9	8
3	50	24	24,66	8	6
4	50	28	19,5	7	4
5	50	40	18	8	12
6	50	54	17,33	9	14
7	50	105	22,1	15	51
8	50	160	26,25	20	55

**Custos fixos e variables**



3.2. Comentario: A medida que aumenta a produción os custos medios van diminuindo (para niveis baixos de produción os custos fixos pesan moito e resulta caro producir poucas unidades) ata acadar o chamado óptimo de explotación. A partir deste nivel de produción os custos medios comenzan a aumentar (debido a lei dos rendementos decrecentes).

3.3. Comentario: Os custos marxinais reflicten o aumento nos custos totais ao aumentar nunha unidade o nivel de produción. Estes custos van diminuindo ata acadar un mínimo a partir do cal comenzan a incrementarse. Os custos medios e os custos variables coinciden no óptimo de explotación.

4

$$4.1. \text{ Volume óptimo de pedido : } S = \sqrt{\frac{2 \cdot k \cdot V}{g}} = \sqrt{\frac{2 \cdot 20 \cdot 400}{10}} = \sqrt{\frac{16.000}{10}} = 40 \text{ unidades}$$

$$\text{Custo de reposición} = k \cdot (D/S) = 20 \cdot (400/40) = 200 \text{ €}$$

$$\text{Custo de almacenamento} = (1/2 \cdot S) \cdot g = (1/2 \cdot 40) \cdot 10 = 200 \text{ €}$$

$$\text{Custo total dos stocks} = k \cdot (D/S) + (1/2 \cdot S) \cdot g = 20 \cdot (400/40) + (1/2 \cdot 40) \cdot 10 = 200 + 200 = 400 \text{ €}$$

$$4.2. \text{ Número de pedidos anuais} = \frac{400}{40} = 10 \text{ pedidos}$$

4.3. A empresa para levar a cabo unha xestión óptima das existencias deberá realizar 10 pedidos cada ano de 40 unidades cada un.

# Exemplos de resposta / Soluções

## CONVOCATORIA DE SETEMBRO

### OPCIÓN A

3.1 e 3.2

PERDAS E GANANCIAS	
<b>Importe neto da cifra de negocios</b>	
Vendas	1.000.000
<b>Aprovisionamientos</b>	
Compras	- 500.000
<b>Gastos de personal</b>	
Soldos e Salarios	- 100.000
<b>Outros gastos de explotación</b>	
Subministracions	-10.000
Reparacións e conservación	- 2.000
<b>Amortización del inmovilizado</b>	
Amortizacions	-20.000
<b>Resultado de explotación</b>	368.000
<b>Gastos financeiros</b>	-3.000
<b>Resultado financeiro</b>	- 3.000
<b>Resultado antes de impostos</b>	365.000
Imposto sobre sociedades (30%)	- 109.500
<b>Resultado neto</b>	255.500

3.3.

$$\text{Rendibilidade financeira} = \frac{\text{Resultado neto}}{\text{Recursos propios}} = \frac{255.500}{750.000} = 0,3406 \text{ (34,06 \%)}$$

4

4.1

$$\text{VAN} = -20.000 + \frac{10.000}{(1+0,12)} + \frac{20.000}{(1+0,12)^2} = -20.000 + 8.928,57 + 15.943,88 = 4.872,44\text{€}$$

4.2.

$$\text{TIR: } 0 = -20.000 + \frac{10.000}{(1+r)^1} + \frac{20.000}{(1+r)^2} \quad \text{Se } 1+r = x$$

$$-20.000 + \frac{10.000}{x} + \frac{20.000}{x^2} = 0 \Rightarrow -20.000x^2 + 10.000x + 20.000 = 0 \Rightarrow x = 1,28 \Rightarrow 1+r = 1,28 \Rightarrow$$

$$r = 0,28 \text{ (28\%)}$$

4.3. O proxecto de investimento sería efectuable porque o VAN é positivo e o valor do TIR é claramente superior ao custo do capital.

# Exemplos de resposta / Solucións

## OPCION B

3.1.

ACTIVO		PASIVO + PATRIMONIO NETO	
<b>Activo non Corrente</b>	<b>350.000</b>	<b>Patrimonio Neto</b>	<b>8.200</b>
Inmovilizado material (-Amortización inmob. material)*	370.000 (-20.000)	Capital Social	8.200
		<b>Pasivo non Corrente</b>	<b>135.000</b>
		Préstamos a longo prazo	135.000
<b>Activo Corrente</b>	<b>173.200</b>	<b>Pasivo Corrente</b>	<b>380.000</b>
Existencias	61.500	Préstamos a corto plazo	270.000
Cientes	106.700	Provedores	110.000
Bancos e contas correntes	5.000		
<b>Activo total</b>	<b>523.200</b>	<b>Pasivo total</b>	<b>523.200</b>

\*Non é necesario que figure expresamente no balance

3.2.

$$FM = AC - PC = 173.200 - 380.000 = -206.800€$$

A empresa ten un fondo de manobra negativo. O activo corrente non é suficiente para facer fronte ao pasivo corrente ou esixible a curto prazo, polo tanto a empresa presenta unha situación de desequilibrio financeiro a curto prazo que pode desembocar nunha situación de concurso de acredores (anterior suspensión de pagamentos).

3.3.

$$AF = \frac{\text{Patrimonio neto}}{\text{Pasivo corrente} + \text{Pasivo non corrente}} = \frac{8.200}{(380.000 + 135.000)} = 0,016$$

O valor do ratio reflicte un nivel baixo de autonomía financeira o cal significa que a empresa é moi dependente dos seus acredores.

4


4.1. Limiar de rendibilidade:

$$P \cdot Q = CF + (CVM_e \cdot Q) \qquad 900 \cdot Q = 2.000.000 + (400 \cdot Q)$$

$$Q = \frac{2.000.000}{900 - 400} = 4.000 \text{ ordenadores}$$

# Exemplos de resposta / Solucións

4.2.



4.3

$$Q' = \frac{2.000.000}{650 - 400} = 8.000 \text{ ordenadores}$$

A afirmación é correcta. O valor do limiar de rendibilidade para o novo prezo indica que a empresa ten que vender 8000 ordenadores para cubrir os custos totais de produción e non incurrir en perdas.